

EL TEXTO MEDIEVAL: DE LA EDICIÓN A LA INTERPRETACIÓN

EDICIÓN AL CUIDADO DE
Pilar Lorenzo Gradín
Simone Marcenaro

Verba, ANUARIO GALEGO DE FILOLOXÍA
ANEXO 68

2012

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As *tenso*s de Vasco Gil. Edición e estudo de V1020 e B1512*

Déborah González Martínez
Universidade de Santiago de Compostela

Atribúese ao trobador Vasco Gil unha produción consistente en 17 cantigas, transmitidas nos tres cancioneiros que recollen a lírica medieval peninsular. A maior parte desas cancións clasifícanse no xénero da *cantiga de amor*, sumando un total de trece os textos reproducidos no *Cancioneiro da Ajuda* (A144–A156), entre os que hai seis que se ofrecen tamén no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* 10991 (B267–B272). Neste apógrafo, Vasco Gil aparece ademais como autor de dúas *cantigas de amigo* (B664–B665), que están presentes así mesmo no *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana* 4803 (V266–V267). Este *corpus* complétase con dúas *tenso*s, ambas iniciadas por Vasco Gil: *Pero Martiiz, ora por caridade* (V1020) e *Rei don Alfonso, se Deus vos pardon* (B1512).

O debate *Pero Martiiz, ora por caridade* testemuñase unicamente en V, xa que en B hai unha lacuna de 41 textos, desde B1390 (= V999) ata B1431 (=V1041), que provoca unha falta de correspondencia entre os dous apógrafos nesta parte. O texto localízase no interior do sector de cantigas de escarnio do cancioneiro vaticano, no f. 164v (cols. a-b), intercalada na produción poética asignada a Johan Soarez Coelho¹, sen se complementar dunha rúbrica que a atribúa a algún dos dous participantes do debate, Vasco Gil e Pero Martins. Este último é un autor coñecido unicamente pola súa intervención nesta composición. O nome Pero Martins é frecuente na documentación portuguesa da época, polo que a tarefa de identificar a este individuo resulta complicada; Oliveira (1994: 421) presentou dúas hipóteses a partir da información que se pode extraer da *tenso*: que fose un Pero Martiiz relacionado coa Orde dos Hospitalarios no terceiro cuarto do século XIII, ou ben Pero Martins o Freire².

O segundo debate no que participa Vasco Gil é *Rei don Alfonso, se Deus vos pardon*, que, como se pode apreciar no *incipit*, se trata dun diálogo que o nobre portugués mantén co monarca Alfonso X³. Isto permite hipotetizar que a *tenso* se

* Este traballo elaborouse no marco dos proxectos *Os xéneros dialogados na lírica galego-portuguesa* (PGIDIT INCITE09204068PR), financiado pola Xunta de Galicia, e *El sirventés literario en la lírica románica medieval* (FFI2008-5481), financiado polo MICINN (2009-2011) con fondos FEDER.

¹ É de destacar que, nas seccións de amor e de amigo, a obra do trobador Vasco Gil encóntrase próxima á obra de Johan Soarez Coelho.

² Vid. Oliveira 1994: 421. Para máis información sobre este autor, vid. Correia 1993.

³ A vida e a obra en galego-portugués de Alfonso X non necesita presentación; remitimos aos

confeccionase na época en que Vasco Gil se encontraba na corte castelá. Ao contrario da cantiga anterior, este texto transmítese exclusivamente en *B*, dado que a correspondencia entre *B* e *V* se perde a partir de B1500 = V1110 e non se volve retomar ata B1579 = V1111. Inserida no sector de escarnio do *Colocci-Brancuti*, esta *tenso* localízase no f. 316v (cols. *a-b*), entre o ciclo de cantigas asignado a Fernan Garcia Esgaravunha e unha serie de composicións atribuídas a Pero Mafaldo. O texto vai precedido dunha rúbrica que o clasifica tematicamente no xénero de escarnio e o atribúe ao autor portugués, iniciador do debate: *Vaasco gil fez esta cãtiga e descarnhe de mal dizer*. Xusto embaixo desta anotación, da man do copista, lese a rúbrica atributiva *Vaasco gil*.

A continuación ofrecemos a edición destes dous textos dialogados, adoptando os criterios fixados nas *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval* (Ferreiro, Martínez Pereiro, Tato Fontaiña 2007).

1. Pero Martiiz, ora por caridade (V1020)

V1020, f. 164v cols. *a-b*

– Pero Martiiz, ora por caridade,
 vós que vos teedes por sabedor,
 dizede-mi: Quen é comendador
 eno Espital ora da escassidade,
 5 ou na fraqueza, ou quen no forniz,
 ou quen en quanto mal se faz e diz?
 Se o sabedes, dizede verdade.

– Pois, don Vaasc', un pouco m'ascoitade:
 os que mal fazen e dizen son mil,
 10 e no fornizio é don Roi Gil,
 e Roi Martiiz é na falsidade,
 e ena escaseza é o seu prior,
 non vos pod'om'esto partir melhor,
 se máis quise[r]des, per máis preguntade.

traballos de Ballesteros Beretta (1984), Bertolucci (1993), a edición crítica da poesía profana preparada por J. Paredes (2010), a edición divulgativa das *Cantigas de Santa Maria* de W. Mettman (1988), a edición crítica das cantigas de loor dirixida por E. Fidalgo (2003), así como o estudo dedicado ás *CSM* de E. Fidalgo (2002). S. Parkinson, director da The Oxford *Cantigas de Santa Maria Database* <<http://csm.mml.ox.ac.uk/>>, é tamén responsable de múltiples publicacións dedicadas á obra alfonsí.

15 – Pero Martiiz, mui ben respondestes,
 pero sabia-m'eu esto per mi,
 ca todos tres eran senhores i
 das comendas, comendadores estes,
 e partistes-mi-o tan ben que m' é mal;
 20 mais ar quer'ora de vós saber al:
 que mi digades de quen o aprendestes.

– Vós, don Vaasc', ora me cometestes
 doutros preitos, des i ar dig'assi:
 non mi deu algo, pero lho pedi,
 25 o priol, e fodi e vós fodestes
 con Roi Gil, e meus preitos talhei
 con frei Rodrigu'e mentiu-mi-os; e sei
 per aquest'a sa fazenda daquestes.

– Pero Martiiz, respondestes tan ben
 30 en tod'esto, que fostes i con sén
 e trobador, e cuid'eu que leestes.

– Vós, don Vaasco, tod'esso m' é ben:
 ei sis'e sei trobar e leo ben;
 mais que tardi que mi-o vós entendestes!

5 franqueza] franquez a 9 mil] mal 10 e no fornizio é] eno fornize 12 prior] pⁱol
 15 respondestes] respondedes 16 per mi] permin 19 e partistes-mi-o] epar
 ustesmho 23 preitos] p^ytus 26 preitos] p^ytus . Roi Gil] roygal 28 per aquest'a]
 poq^{sta} 30 fostes] foystes

2 uos . u9 . teedes 3 quē 6 sse 7 uerdade 8 Poys . dō . uaascū pouco . mascoytade 9
 q̄mal . sō 10 dō . roy 11 roy . m'tijz 12 e ena esca sseza e 13 nō . u9 14 mays . p^o .
 mays . p'guntade 15 m'tijz 16 po 17 tod9 . erā . hy 18 comēdas . comēdadores 19 tā
 bē . q̄me 20 mays . q̄rora . deuos 21 q̄mi . q̄no . ap'ndestes 22 uaascora 23 dout^os .
 desyar . digassy 24 nō . polho . pedy 25 o pⁱol . fody . euos 26 cō . eme9 . p^ytus .
 talhey 27 cō . frey . rodri gue . mentiumh9 . sey 28 daq̄stes 29 m'tiiz . tā 30 q̄ . hy .
 cō 31 ecuydeu . q̄ 32 uaasco . bē 33 ey . sey 34 mays . q̄ . q̄ . mho . uos

Repertorios: Tavani (1967): 152,7 e 132,1; d'Heur (1973): 1430.

Edicións críticas: Lapa (1995: 265-266), Michaëlis (2004: 130-131), Piccat (1995: 277-304), Silva (1993: 219-221).

Notas aos versos

1. Reproducimos *Martiiz*, seguindo *V*; nesta solución coincidimos con Lapa e Silva e diferenciámonos da proposta de Michaëlis (*Marttüz*) e da de Piccat (*Martiinz*).

3. *Comendador* é unha voz adaptada do francés antigo *comandeor* ‘o que manda’ segundo Corominas e Pascual (1980: III 800). Segundo as explicacións que se recollen no *Elucidario*, comendador presentaba tres valores: 1) «Ao provedor, director ou procurador dos hospitais, que algúns mosteiros e propoñacións eclesiásticas, antigamente, conservavam junto a si com particulares bens e rendas separadas, se deu o nome de *commendador*, porque se lles encomendavam, non para os destruír mais sim para que, tirada a súa cògrua e honesta sustentación, tudo o mais dependese em as necesidades dos enfermos, pobres e necesitados»; 2) «Non sendo posíbel, antigamente, as catedrais e grandes mosteiros defender e poboar as moitas herdades, terras, vilas e castelos, que lles eran doadas, as encomendaram a várias persoas nobres para que as defendessem e amparassem. Mas isto foi, como dizem, meter o gato no pombal, porque moitos se levantaram com o senhorio destes bens que, pela maior parte, se perderam. Os que assim eran encargados da defensa e protección, se disseram, primeiramente, *defensores*, depois *comendeiros* e *comendadores*. Até o século XIV, há memórias destas *encomendas*, que depois, deste tempo, inteiramente, se extinguram»; 3) «Feitor ou procurador de um mosteiro de religiosas ou qualquer outra corporação, cujos bens e rendas lles estão cometidos para o melhoramento e cobrança» (Viterbo 1865: II, 177). Entendemos que, no texto, *comendador* está proposto con este último valor.

4. Reproducimos o verso seguindo a lección de *V*, considerando que os encontros vocálicos *eno espital* e *da escassidade* se resolven en sinalefa. Lapa reproduciu *eno Espital ora da escassidade*, pero en nota afirmou: «Lê-se efectivamente no ‘*Spital* e da ‘*scassidade*» (Lapa 1995: 265). Pola súa parte, Michaëlis optou por *eno Spital ora da escassidade*.

Espital corresponde á Orde do Hospital de Xerusalén. Nas dúas *tensos* de Vasco Gil noméase a Orde do Hospital, o que non parece ser fortuíto: nesta composición satirízase aos membros superiores da Orde, e na seguinte Alfonso X menciónaa na parte final do texto. Por certas cesións que Vasco Gil e a súa muller fixeron aos Hospitalarios, Oliveira (1994: 421) considerou posíbel que o trobador portugués estivese vinculado á Orde. Ademais, os *Livros de Linhagens* reproducen

algunha información sobre o nobre que favorece esa hipótese: «dom Vaasco Gil, seu irmão de Manrique Gil, foi d'epistola, e depois casou com dona Froilhi Fernandez, filha de dom Fernam Anes Cheira» (LC25H3) (Mattoso 1980: II/1, 299). Así pois, a expresión «foi d'epistola» estaría a indicar que recibiu as ordes menores, probablemente, de subdiácono.

5. A lección manuscrita *franqueza* non ten sentido no contexto. Como Piccat, seguimos a emenda proposta por Lapa, *fraqueza*, entendida «em sentido moral (cobardia), para não fugir demasiado à letra do códice» (Lapa 1995: 265). Michaëlis, seguida por Silva, respectou *franqueza*, aínda que en nota observou que «Da resposta do verso 11, concludo que aqui deveria estar *falseza*» (Michaëlis 2004: 131).

10. Para dar solución á hipometría seguimos a Lapa na proposta *forniz[io]*. Tendo en conta que *Roi* pode computar de dúas sílabas, non parece adecuada a lectura de Michaëlis, consistente na integración: [*mestre*] *don Roy Gil*. Tampouco é conveniente a solución adoptada por Piccat, que correxiu a forma verbal, *e(stá) don Roy Gil*.

Optamos pola solución no texto *e no* fronte á posibilidade de considerar *eno*, que sería métrica e gramaticalmente válido neste contexto. A forma aglutinada *eno* coexiste nos textos de época medieval con *no*, resultado da aférese (IN ĪLLU > *en lo* > *enno* > *eno* > *no*) (Ferreiro 1995: 364). Nesta *tenso* advírtese a presenza das dúas formas (*eno* v. 4, *ena* v. 12, *na* v. 5 e v. 11, *no* v. 5).

Roi Gil, nomeado frei Rodrigo no v. 27, sería un dos comendadores da Orde. Segundo Oliveira (2004: 421), sería prior entre 1233 e 1243, e documéntao en textos do segundo tercio de século XIII como freire. En base a que no v. 27 é referido como freire, Oliveira considerou que a peza puido confeccionarse nos inicios dos anos trinta, ou con posterioridade a 1243, na corte de Alfonso X, rei con quen Vasco Gil mantén o outro diálogo, e no que o monarca castelán nomea a Orde do Hospital.

11. Michaëlis consideraría *Roi* como monosílabo e de aquí que integrase un pronome para regular metricamente o verso: «Roy Martiiz é[o] na falsidade» (Michaëlis 2004: 130).

A lectura *e Roi Martiiz ena falsidade*, sobreentendendo o verbo *ser*, pode considerarse válida. Porén, nas estruturas anteriores e na seguinte o verbo sempre se mantén explícito (*os que mal fazen e dizem son mil* no v. 9, *e no forniz[io] é don Roi Gil* no v. 10, *e ena escaseza é o seu prior* no v. 12), polo que nos parece mellor solución *e Roi Martiiz é na falsidade*.

Segundo Oliveira, Rui Martinz podería ser o comendador de Távora, documentado en 1250 e 1251 na corte de Afonso III e nomeado nas *Inquirições* de 1258 e 1288, ou o que foi comendador de Santarém (Oliveira 2004: 421).

12. É necesario considerar dúas sinalefas neste verso. A solución de Michaëlis consistiu en: «e (e)na (e)scasseza é-o seu prior» (Michaëlis 2004: 130). Silva considerou que o modo en que a editora alemá resolvera a hipermetría era inconveniente, «por exprimir semelhantermente dois comportamentos diversos: o encontro da conxunción *e* com *eno*, dada a irredutibilidade de *e*, dá-se pela absorção da vogal inicial de *eno* (Sobre o comportamento da conxunción *e* diante de palabra começada por vogal, veja-se Celso Cunha, *Estudos de Poética*, pp. 43-58 e 109-135); quanto ao encontro de *ena* com *escasseza*, esse resolve-se pela ditongação da vogal final de *ena* com o *e* inicial da palabra seguinte» (Silva 1993: 221). De acordo coas manifestacións deste editor a propósito da conxunción copulativa, pensamos que son os encóntrros vocálicos *ena escasseza é* os que se resolven en sinalefa.

Aínda que *priol* coexistiu con *prior*, optamos por emendar a expresión *priol* a *prior*, xa que se ofrece en relación de rima con *melhor* (mantendo a forma *priol* no interior do v. 25). Coincidimos con Michaëlis nesta solución, fronte a Lapa, Silva e Piccat que conservaron *priol* seguindo *V*.

13. Piccat presentou *non vus pod'om esto*, considerando que a forma do substantivo é *om* e non *ome* (que é a forma correcta do substantivo, aínda que neste verso se presenta con elisión da vogal final por contacto coa vogal que inicia a palabra seguinte).

21. O verso transmítese hipémetro, polo que convén considerar unha sinalefa no encontro *o aprendestes*. Michaëlis marcou entre parénteses o pronome dativo *mi*, para evidenciar a necesidade de suprimir esa sílaba do cómputo.

22. Lapa suprimiu *ora*, porque segundo este editor o adverbio «não faz sentido». Igual que Michaëlis, Silva e Piccat reproducimos *ora* no texto, considerando boa a lección manuscrita.

26. *Gil(es)* é a emenda de Michaëlis. A intervención non nos parece adecuada, xa que se pode considerar *Roi* bisílabo.

28. A forma antiga do posesivo de terceira persoa *sa*, de carácter átono, utilizouse con frecuencia na produción trobadoresca. Normalmente non se presenta precedido de artigo, pero existen excepcións que nos permiten defender a lectura *per aquest'a sa fazenda daquestes*. Así, na lírica profana encontramos (aquí e nos exemplos seguintes seguiremos a numeración e os textos da *MedDB*): *a sa terra* (18,13 v. 3), *a san gran mesura* (25,53 v. 15), *a sa morte* (25,132 v. 2), *a sa lidiça* (48,1 v. 14), *A sa Vida* (62,1 v. 1), *Ant'a sa pousada* (66,7 v. 4), *quer'a sa molher* (70,2 v. 2), *a sa coita* (93,6 v. 3), *a sa filha* (120,43 v. 1), *ant'a sa porta* (126,3 v. 6), e en *O que da guerra levou cavaleiros* (18,29) rexístrase *a sa gente* (v. 17) e repítese *a sa terra* (vv. 2, 4, 26, 32 e 35).

30. Coincidindo con Lapa, corriximos a *fostes* a lección de *V*, *foystes*.

Michaëlis emendouna a *fuistes*, Silva hipotetizou que *foystes* derivaría do *fuistis* latino, como unha forma arcaica de *fostes*. Esta foi tamén a solución que adoptou Piccat, pero non ofreceu unha explicación.

34. Coincidimos con Michaëlis, Lapa e Silva na lectura *tardi* fronte a solución de Piccat, *tard'i*. O adverbio *tardi* documéntase noutras dúas cantigas da lírica profana (*ai meu amigo, ¡tardi vos nembrou!* 63, 21 v. 15, *ca, se veer logo, tardi será* 86,7 v. 17); a expresión *tard'i* reproducese nunha cantiga (*pero que eu tard'i o conhoci* 125,29 v. 19). Este resultado pode considerarse relativo, xa que depende da opción que cada editor priorizou; na *tenso* entre Vasco Gil e Pero Martiiz, recoñecemos a corrección da forma *tard'i*, pero priorizamos *tardi*.

Paráfrase

– Pero Martiiz, agora por caridade, vós que vos tedes por persoa entendida, dicídemme: na Orde do Hospital quen é agora comendador na cobiza, ou na fraqueza, ou no fornicio, ou en todo canto mal se fai e di? Se o sabedes, dicídemme a verdade.

– Pois, don Vaasco, escoitademe un pouco: son mil os que fan e din mal, e no fornicio é don Roi Gil, e na falsidade é Roi Martiiz, e na escasidade é o seu prior; non vos pode ninguén dicir isto mellor, e se quixerdes saber máis, por máis preguntade.

– Pero Martiiz, moi ben respondestes, pero eu sabía isto por min mesmo, que os tres eran señores das comendas entón, comendadores estes, e contástesmo tan ben que me vai mal, mais aínda quero de vós saber outra cousa, que me digades de quen o soubestes.

– Vós, don Vaasco, desafiástesme xa noutras cuestións, e entón aínda vos digo así: o prior non me deu algo que lle pedín, e eu fodín e vos fodestes con Roi Gil, e frei Rodrigo enganoume nos negocios que concertei con el. Por isto sei das propiedades destes.

– Pero Martiiz, respondestes tan ben en todo isto que obrastes con xuízo e fostes bo trobador, e coído que lestes.

– Vós, don Vaasco, todo iso me está ben, pois teño xuízo, sei trobar e leo ben; mais que tarde que vós mo entendestes!

2. Rei don Alfonso, se Deus vos pardon (B1512)

B1512, f. 316v, cols. *a-b*

- Rei don Alfonso, se Deus vos pardon,
desto vos [ora] venho preguntar,
[se]quer ora punhade de mi dar
tal recado que seja con razon:
5 quen dá seu manto que lho guard’alguen
e lho non dá tal qual o deu, por én
que manda [end’]o Livro de León?
- Don Vaasco, eu fui ja clerizon,
e degreda soia estudar
10 e nas escolas u soia entrar
dos maestros aprendi tal liçon:
que manto doutren non filhe per ren
mais se o meu melhora, faço ben,
e non são por aquesto ladron.
- 15 – Rei don Alfonso, ladron por atal
en nulha terra nunca chamar vi,
nen vós, senhor, non o oistes a mi,
ca se o dissesse diria mal;
ante [o] tenho por trageitador,
20 se Deus mi valha, nunca vi melhor,
quen a si torna pena de cendal.
- Don Vaasco, dizer-vos quer’eu al
daqueste preito que eu aprendi:
oi dizer que trageitou assi
25 ja ùa vez un rei en Portugal:
ouve un dia de trageitar sabor,
e, por se meter por máis sabedor,
fez[-vos] cavaleiro do Espital.

6 deu] deo 17 a mi] amī 22 quer'eu] q̄Tea

1 Rey . d's . u9 . pardō 2 Destou9 4 q̄ . seia . cō . razō 5 m̄to . q̄Tho . guardalguē 6
 nō . porē 7 m̄da . liuro 8 Dō vaasco . fuy . ia . clerizō 9 soya 10 hu . soya . ent'r
 11 D9 . maest's . ap'di . liçō 12 m̄to . dout'm . nō . p̄ . rē 13 Mays . bē 14 Enō . sōo
 . p' 15 Rey . dō . Alfonsso . ladrō 16 t̄rra . nūca . ui 17 Nē . uos . oystes
 19 traieytador 20 Sed's . ualha . nūca . ui 21 Quē . assy . çendal 22 Dō vaasco . dizeru9
 23 Daq̄ste . p'ito . q̄ . ap'ndy 24 Oy . q̄ . traieytou . assy 25 hūa . uez . hū . Rey . ē
 26 Ouue . hū . traieytar 27 mays 28 Caualeyro

Repertorios: Tavani (1967): 152,12 e 18,38; d'Heur (1973): 1531.

Edicións críticas: Paredes (2010: 299-303), Lapa (1995: 265), Michaëlis (2004: 111-112), Piccat (1995: 253-276), Silva (1993: 246-248).

Notas aos versos

2-3. Os dous versos son hipómetros na lección manuscrita. Existen diversas propostas: Michaëlis editou *d'esto vos venho [ora] preguntar / [e peço] que punhede de mi dar*. Lapa ofreceu unha solución mellor para o v. 3: *desto vos venho aqui preguntar; [si]quer ora punhede de mi dar*. Silva aceptou *siquer*, pero non deu solución á hipometría doutros versos da cantiga. Piccat presentou dúas integracións inadecuadas gramaticalmente: *d'esto vos venho (pera) preguntar / quer'(eu) ora punhede de mi dar*. Paredes integrou *venho [aqui] preguntar* no v. 2 e, inspirándose na emenda de Lapa, presentou o adverbio *sequer*, aducindo que esta forma é a máis frecuente. Na lectura que ofrecemos integramos *ora* no v. 2 e corriximos a *[se]quer* no v. 3, polas mesma razón que Paredes.

7. O *Livro de Leon* podería ser identificable co *Livro Juzgo*, co *Fuero de Leon* ou co *Liber Legis* ou *Judicium Legionense*, segundo as explicacións de Michaëlis (2004: 117-118). Tamén se nomea nun escarnio de Joan Airas, nun verso que case repite este textualmente: *ca o manda o Livro de Leon* (63,1, v. 7).

Na *tenso*, o verso transmítese hipómetro; apoiándose no verso de Joan Airas, Piccat ofreceu *que (o) manda o Livro de León*, pero esta solución parécenos semántica e sintacticamente incorrecta no contexto. Michaëlis integrou *én*, e Lapa *[end']o Livro de Leon*, solución que seguiu Paredes e que nós adoptamos no noso texto. Silva non interviu no verso, explicando que «a modalidade elocutiva (interrogación) compensaría a sílaba que falta ao verso» (Silva 1993: 248).

8. A expresión *clerizon*, 'aprendiz de crego', considérase castelanismo (para máis información véxase Rodríguez 1983: 10).

9. No corpus lírico rexístrase *degredo* en 70,37 e 77,10, e tamén aparece na CSM 195 (Mettmann 1988: II, 233). O plural *degredos* encóntrase en textos notariais (así se comproba mediante a pesquisa no *Corpus Xelmírez*). Malia a presenza de *decreta* en textos en latín, non documentamos *degreda*. Porén, a posibilidade de que se puidese interpretar *degreda* como patrimonial, condúcenos a manter esa forma sen emendas, como fixeron Lapa e Silva; Michaëlis corrixiu a *degredaes*, Piccat a *degreda(s)* e Paredes a *degredo*.

12. A abreviatura *p* desenvólvese co valor de *per*. A mesma solución adoptaron os editores anteriores, a excepción de Piccat, que a resolveu en *por*.

13. Michaëlis, seguida por Silva, Piccat e Paredes, entendeu o verso como: *mais se o m'eu melhora, faço ben*. Desde o noso punto de vista, esa solución é sintacticamente complexa e rara en exceso; a secuencia de tres pronomes *o m'eu* non se documenta no corpus lírico profano nin relixioso. A proposta de Lapa, *mais se m'eu o melhora, faço ben*, corrixe esas dificultades, pero a intervención do editor (que vemos innecesaria e incorrecta) modifica esencialmente o sentido do texto, xa que debe interpretarse un pronome posesivo: *o meu*. A semántica e a sintaxe lévanos a adoptar o *meu* —que só os Machado (1949-1964: VI 225-226) tiveron en consideración—; así, ofrecemos unha lectura máis correcta desde o punto de vista gramatical e posible semanticamente no contexto da cantiga: «dos mestres aprendi tal liçon: | que manto doutren non filhe per ren | mais se o meu melhora, faço ben, | e non são por aquesto ladrón», isto é, ‘dos mestres aprendín tan lección: que o manto de outra persoa non tome por nada, mais se o meu [manto] melloro, fago ben, e non son por isto ladrón’. Esta interpretación que propoñemos está moi afastada da de Michaëlis, a quen seguiron os editores posteriores, xa que parafraseaba os versos como: «aprendi dos mestres que não se deve roubar o manto a ninguém. Mas que quem o melhorasse fosse um ladrão, isso não o aprendi» (Michaëlis 2004: 112).

17. Realízase unha sinalefa entre o pronome acusativo e o verbo. Ademais, emendamos a palabra en rima a *mi*. No seu estudo sobre a rima entre vogais orais e nasais, Cunha aceptaba a relación entre *min* e formas en *-i* (Cunha 1961: 173-200); máis tarde, Lapa admitiu a necesidade de «cingirnos repetidamente à lição dos manuscritos, até se conhecer a razão por que os trovadores, tendo no seu arsenal poético *mi* e *min*, e empregando-os na mesma estrofe, escolhiam precisamente a forma nasalada para rimar com un fonema oral» (Lapa 1982: 272). Porén, de acordo con Montero Santalla, no caso do pronome *min*, debeu haber unha intervención dos copistas, que escribirían nun momento no que *min* tiña xa vixencia sobre *mi*. Así, se a transcripción se facía dun texto escrito dunha época anterior, introduciríase a forma de máis uso nun descoido fácil, consistente en engadir un til; tamén podería terse introducido respondendo a un afán correctivo,

supoñendo que o amanuense anterior omitira este signo, e se o que se transcribía era un texto oral, isto explicaría aínda mellor a modificación, xa que esta podía contemplar de por si a modernización lingüística (Montero Santalla 2000: 1446-1448).

19. O verso preséntase hipómetro, polo que os editores propuxeron diferentes integracións para darlle solución ao problema métrico: Michaëlis, seguida por Paredes, editou *tenho-[o]*; Lapa *tenho [ja]*; Piccat *ante (én) tenho*. Silva considerou mellor resolver en hiato *trajeitador*. Pola nosa parte, optamos por integrar un pronome acusativo que completa o sentido do verso, adiantando o contido do v. 21; porén, consideramos máis adecuada a posición proclítica, como se encontra nos versos *ante, o vejo sempr' empeorar* (94,18 v. 11) e *Ante o quise destroyr* (120,42 v. 5).

No dicionario Houaiss, *trajeitador* defínese en relación a *trajeito* «jogo de mãos, destrezas manuais; prestidigitación» (Houaiss/Vilar/Franco 2001: 2760). *Trageitador* parte do latín JACTARE ‘lanzar’, ‘axitar’, segundo Corominas e Pascual (1980: II, 540); o castelán *trasechador* adquiriría o valor ‘prestidixitador’ a partir de ‘xoglar’, ‘actor’ (Corominas / Pascual 1980: II, 542). No *CORDE* (11-11-2011) encóntranse varias ocorrencias do substantivo *trasechador* e do verbo *trasechar*, como «& significa los trasechadores. aquellos que ayuntan a los omnes. & dicen les algunas chufas por ganar dellos algo» (*Judizio de las estrellas*, 1254-1260), «uestido de habito de juglares o trasechadores, cantaua la Yliada» (Juan Fernández de Heredia, *Traducción de la Historia contra paganos*, 1376-1396). O substantivo tiña outros valores; así, no *Universal Vocabulario en latín y en romance* de Alonso Fernandez de Palencia, de 1490, dise que «Malicia es pensamiento de mala voluntad. malicioso: cauteloso: trasechador: astuto: reboltoso: engañoso». Outros contextos onde o valor é claramente negativo, relacionándose con seres enganosos ou fraudulentos, son: «Et los gentiles daquel tiempo enartados en este Rey. por tantos fechos cuemo auemos dichos quel ueyen fazer por sos encantamientos & sos trasechos que fazie en toda cosa» (Alfonso X, *General Estoria*, 1275), «Cómo eres lleno de toda maldad. Tú fuste primeramente siervo de los de Egipto, e por fechos que feziste fuxiste d'aquí e fuste e aprendiste tus encantamientos e tus trasechos, e agora torneste aquí por fazernos espanto e engañarnos que te perdonemos» (Alfonso X, *General Estoria*, 1275). En vista destes exemplos no castelán medieval, é posible interpretar que *trageitador*, ademais de ‘ilusionista’, sería tamén aquel que enganaba con falsos miragres para proveito propio. En vista disto, é posible que o trovador portugués utilizase o termo con ambigüidade.

21. A lección *assy* pode interpretarse como *a si* ‘para si’ ou *assi*, advervio de modo. En realidade, no contexto da cantiga, pode entenderse un xogo de palabras propiciado pola alofonía *assi* – *a si*. Aínda que o adverbio sería válido,

optamos por *a si* en vista do contexto semántico que se ofrece nesta cobra e nas anteriores; o sentido, segundo a nosa lectura, é: ‘antes teño por *ilusionista* a quen para si transforma o cendal en pel’. O sintagma *a si* aparece graficamente nos manuscritos como *assy* noutras catro cantigas, segundo a *MedDB* (2,12, 63,19, 120,12 e 140,2).

Os editores anteriores entenderon que Alfonso X pediría o manto de Vasco Gil e devolveríalle un manto novo, razón pola que o trovador portugués chamaría ao rei *trageitador*. Esa lectura baséase, especialmente, na maneira de interpretar este v. 21, que, segundo Lapa, entenderíase: «quem do leve manto que lhe emprestei me tornou um rico manto de peles» (Lapa 1995: 265). Paredes traduce o verso por «a quien así torna pelliza de cendal» (Paredes 2010: 301) e entende que «Vasco Gil pregunta al Rey sobre un manto que éste devolvió a su dueño muy mejorado, es decir, nuevo. Por ello considera que el Rey es un prestidigitador» (Paredes 2010: 300). Desde o noso punto de vista, non vemos indicios claros no texto que nos leven a pensar que Alfonso X entregou un manto mellor nin, menos aínda, un manto novo; tampouco se di explicitamente que ese manto fose propiedade de Vasco Gil, aínda que, como hipótese, non é rexeitable. Na interpretación da *tenso*, débese ter en conta cal é a pregunta que fai Vasco Gil, nos vv. 5-7, e a resposta que lle brinda o rei nos vv. 12-14, que parecerían indicar todo o contrario do que se propuxo nas lecturas críticas anteriores. Podemos pensar que o rei entregaría un manto que non era o que correspondía ao seu propietario, gardando para si o de máis valor, pero esta mellora do seu manto non o convirte en «ladrón» na corte, senón no mellor *trageitador*, segundo Vasco Gil.

25. Michaëlis reproduce *de Portugal*, corrixindo a preposición que se le na lección manuscrita. Pensamos que esta corrección é innecesaria.

26. O encontro *ouve un* resólvese en sinalefa.

28. O verso transmítese hipómetro. Ademais, falta o CD de *fazer*, que podería responder a un pronome acusativo. Michaëlis detectou este problema e, interpretando que foi o rei *de Portugal* quen se fixo cabaleiro do Hospital, integrou un pronome reflexivo: *fez-[se]*. Lapa opinou que esa emenda carecía de sentido e optou por *fez [Foan] cavaleiro do Espital*, indicando en nota a posibilidade de emendar en *de vós* (aínda que o editor non o comenta, a inclusión dun sintagma bisílabo obriga a realizar unha sinalefa no encontro vocálico *do Espital*). Piccat seguiu a proposta de Lapa. Paredes introduciu no texto dous puntos entre parénteses angulares despois de *fez* (comenta en nota a integración de Lapa, pero non se comenta a necesidade dunha sinalefa no encontro vocálico de considerar un substantivo bisílabo). En tanto que podemos entender que no verso falta unha única sílaba que corresponde ao CD de *fez*, pensamos que debe integrarse o pronome

acusativo *vos*.

Desta forma, as palabras de Alfonso X serían un ataque directo ao interlocutor, e poderían interpretarse á luz da referida pasaxe dos *Livros de Linhagens*, onde se relata que Vasco Gil *foi d'epistola*.

Paráfrase

– Rei don Alfonso, que Deus vos perdoe, disto vos veño preguntar agora, e sequera intentade darme agora unha resposta argumentada: quen dá o seu manto a alguén para que llo garde pero non o devolve tal e como llo deixaron, por isto que manda niso o *Libro de León*?

– Don Vaasco, eu xa fun aprendiz e decretos soía estudar, e, nas escolas onde soía entrar, dos mestres aprendín tan lección: que o manto de outra persoa non tome por nada, mais se o meu [manto] melloro, fago ben, e non son ladrón por isto.

– Rei don Alfonso, en ningunha terra vin chamar ladrón por tal cousa, nin vós, señor, mo oistes a min, que se o dixese, diría mal, antes teño por *milagreiro*, Deus me valla, nunca vin mellor, a quen para si transforma en pel o cendal.

– Don Vaasco, quero eu dicirvos algo que aprendín deste asunto: oín dicir que xa unha vez así obrou milagres un rei en Portugal: un día tivo vontade de facer miragres e, para pasar por máis sabio, fixovos cabaleiro do Hospital.

Bibliografía

- Ballesteros-Beretta, A. (1984): *Alfonso X el Sabio*. Barcelona: El Albir.
- Bertolucci, V. (1993): «Alfonso X», in G. Lanciani / G. Tavani (coords.): *Dicionario de Literatura Medieval Galega e Portuguesa*. Lisboa: Caminho, pp. 36-41.
- CORDE [en línea]. *Corpus diacrónico del español*, <<http://www.rae.es>>.
- Corpus Xelmirez*, en RILG: *Recursos Integrados da Lingua Galega*, <<http://sli.uvigo.es/RILG/>>.
- Correia, Â. (1993): «Pero Martinz», in G. Lanciani / G. Tavani, *Dicionário de Literatura Medieval Galega e Portuguesa*. Lisboa: Caminho, pp. 548-549.
- Corominas, J. – J.A. Pascual (1980): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos, 6 vols.
- Cunha, C. Ferreira da (1961): «Rima de vogal oral com vogal nasal», *Estudos de poética trovadoresca: versificação e ecdótica*. Rio de Janeiro: Ministério da Educação e Cultura, Instituto Nacional do Livro, pp. 173-200.
- D’Heur, J.-M. (1973), «Nomenclature des troubadours galiciens-portugais (XII^e - VIX^e siècles). Table de concordance de leurs chansonniers, et liste des incipit de leus compositions», *Arquivos do Centro Cultural Português*, VII, pp. 17-100.
- Ferreiro, M. (1999), *Gramática histórica galega: I. Fonética e Morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Ferreiro, M. – Martínez Pereiro, C.P. – Tato Fontaíña, Laura (2007) *Normas de edición para a poesía trovadoresca galego-portuguesa medieval / Guidelines for the edition of medieval galician-portuguese troubadour poetry*, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, <<http://www.udc.es/publicaciones>>.
- Fidalgo, E. (2002): *As Cantigas de Santa María*. Vigo: Xerais.
- (2003): *As Cantigas de loor de Santa María: Edición e comentario*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, CIRP.
- Houaiss, A. – M. de Salles Villar / F. M. de Mello Franco (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva.
- Lapa, M. Rodrigues (1982): «Nótulas trovadorescas: Tres cantigas de Gil Peres Conde», *Miscelânea de Língua e Literatura Portuguesa Medieval*. Coimbra: Coimbra editora, Universidade de Coimbra, pp. 263-272.
- (1995): *Cantigas d’escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*. Vigo: Galaxia.

- Machado, E. – Machado J.P. (1949-1964, eds.), *Cancioneiro da Biblioteca Nacional, antigo Colocci-Brancuti*. Lisboa, 8 vols.
- Mattoso, J. (ed.) (1980): *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro*. Lisboa: Publicações do II Centenário da Academia das Ciências, 2 vols.
- MedDB: *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa, versão 2.3.1*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <<http://www.cirp.es/>>.
- Mettmann, W. (1988) (ed.): *Alfonso X, el Sabio. Cantigas de Santa Maria*. Madrid: Castalia, 3 vols.
- Michaëlis, C. (2004) «Glosas marginais ao Cancioneiro medieval português. II Uma canção de manto», in Y. Frateschi Vieira, J. L. Rodríguez, M. I. Morán, J. A. Souto (eds.): *Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português de Carolina Michaëlis de Vasconcelos*. Coimbra: Universidade de Coimbra, pp. 109-131.
- Montero Santalla, J.M. (2000): *As rimas da poesia trovadoresca galego-portuguesa: catálogo e análise*, [Tese de doutoramento inédita], 3t.. A Coruña .
- Oliveira, A. Resende de (1994): *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*. Lisboa: Colibri.
- Paredes, J. (2010) (ed.): *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio. Edición crítica, con introducción, notas y glosario*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [Verba. Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 66].
- Parkinson, S. (dir.): The Oxford *Cantigas de Santa Maria* Database, <<http://csm.mml.ox.ac.uk/>>.
- Piccat, M. (1995): *Il Canzoniere de don Vasco Gil*. Bari: Adriatica Editrice.
- Rodríguez, J.L. (1983): «Castelhanismos no galego-português de Afonso X, o Sábio», *Boletim de Filologia*, XXVIII, pp. 6-19.
- Silva, M. Alvaro Ferreira da (1993): *A tenção galego-portuguesa: estudo de um género e edição dos textos*, Lisboa [Tese de mestrado inédita].
- Tavani, G. (1967): *Repertorio métrico della lirica galego-portoghese*, Roma: Edizioni dell'Ateneo.
- Viterbo, J. de Santa Rosa (1865): *Elucidário das palavras, termos e frases que em Portugal antigamente se usaram e que hoje regularmente se ignoram: obra indispensável para entender sem erro os documentos mais raros e preciosos que entre nós se conservam*. Porto: Livraria Civilização, 2 vols.

